

A peritaxe xudicial e a educación social



Formación básica para educadoras/es sociais dispostas/os a actuar como peritas/os ante xulgados e tribunais.

escoladarúa
Dereito_ Educación social_ ceesg

presentación

A actividade pericial consiste na valoración por parte de persoal experto dunha determinada situación ou feito, que pode ser influente para a decisión xudicial, e pode ser empregado como proba nun xuízo.

A comezos de cada ano, os colexios profesionais envían a xulgados e tribunais o listado de persoas dispostas a actuar como peritas/os, por se necesitan dos seus servizos. Para formar parte desta listaxe de educadoras/es sociais recomendamos encarecidamente ter unha formación básica previa, e algunha experiencia profesional no ámbito socioeducativo. Consideramos imprescindibles uns coñecementos básicos en canto á redacción de informes, coñecer como funcionan os procedementos xudiciais, chamamentos e incompatibilidades, como actuar durante un xuízo no caso de ter que comparecer...

Esta formación básica é unha actividade da Escola Permanente de Dereito e Educación Social (Escola da Rúa) que ten por obxectivo ofrecer formación que dea resposta ás inquietudes das colexiadas e colexiados, e ás necesidades detectadas polo propio colexio profesional.

Encargarase da docencia **Fran del Buey**, avogado do despacho A Sensu Contrario e asesor xurídico do Ceesg.

obxectivos

- ⇒ Adquirir coñecementos básicos das distintas ordes xurisdicionais no estado español e a función da peritaxe como medio de proba.
- ⇒ Adquirir coñecementos básicos para a elaboración do informe pericial como educador/a social.
- ⇒ Adquirir coñecementos básicos para poder actuar como perito nun procedemento xudicial.

contidos

Bloque 1: Configuración e organización da Administración de Xustiza: Ordes xurisdicionais.

Bloque 2: O proceso xudicial. A proba. Procesos xudiciais onde cobran especial relevancia os informes que reflicten a realidade social das persoas (menores, familia, estranxeiría, violencia de xénero, ...)

Bloque 3: Peritaxe xudicial e por designación de parte. Regulación legal.

Bloque 4: Informe e ditame pericial. Comparecencia en xuízo para ratificación e aclaración do informe pericial.

lugar, datas e horario

OURENSE.

12 de xaneiro (16:00-20:00)

e

13 de xaneiro (10:00-14:00)

Locais das Asociacións Universitarias.
Parque dos Parrulos (tras o Edificio de
Ferro, Campus de Ourense)

VIGO.

26 de xaneiro (16:00-20:00)

e

27 de xaneiro (10:00-14:45)

Museo Liste. Rúa Pastora nº 22

A inscrición en Vigo inclúe visita guiada ao Museo Liste.

Duración da formación: 8 h.

cotas de inscrición

- ⇒ Colexiadas/os en desemprego ou Amigas/os do Ceesg: **25€**
- ⇒ Colexiadas/os en activo: **30€**
- ⇒ Outras situacións: **55€**

Nº de conta ES41-0081-0499-61-0001046708 (Banco Sabadell)

Se non tes opción de facer transferencias gratuitamente dende a túa conta bancaria, recomendamos facer o ingreso a través dun caixeiro automático desa entidade.

inscricións

Procedemento

1. Cubrir o **formulario** que se atopa na web www.ceesg.org.
2. Enviar o xustificante de **pago**, e no seu caso, copia do xustificante de desemprego a ceesg@ceesg.org ou ó fax 981938274.

A inscrición non se considerará completada ata que non se realicen os dous pasos.

[Inscrición en OURENSE](#)

[Inscrición en VIGO](#)

Adxudicación de prazas.

24 prazas en cada curso, por orde de solicitude.

Prazo de inscrición

OURENSE: Ata o **7 de xaneiro** ou cubrir prazas.

VIGO: Ata o **21 de xaneiro** ou cubrir prazas.

Normativa

Podes consultar as normas da formación organizada polo Ceesg na web <http://www.ceesg.org/formacion/formacion-ceesg/normativa>